

MÓDULOS FORMATIVOS E ESPECIALIDADES SECTOR SAÚDE E BENESTAR



ESTUDO TECNOLOXÍAS EMERXENTES PARA A TRANSFORMACIÓN DO EMPREGO

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTO DA PROPOSTA FORMATIVA	3
2. FORMACIÓN ACTUAL IDENTIFICADA PARA CADA POSTO DE TRABALLO EN RISCO DE DESAPARICIÓN	4
3. CONTIDOS DA FORMACIÓN ACTUAL IDENTIFICADA PARA Os POSTOS DE TRABALLO	5
4. FORMACIÓN E ESPECIALIDADES PARA O SECTOR SAÚDE E BENESTAR.....	9
4.1. Conclusións da formación dispoñible por posto	9
4.2. Proposta de formación para o sector saúde e benestar	10

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTO DA PROPOSTA FORMATIVA

A partir do estudo da transformación e evolución dos postos de traballo do sector Saúde e Benestar levado a cabo na Fase 2 dos traballos, identificáronse os seguintes postos de traballo, así como unha aproximación da evolución dos mesmos.

Postos de traballo máis demandados na actualidade	Postos de traballo que poden desaparecer	Postos de traballo que se están transformando
<ul style="list-style-type: none"> • Director/a hospitalario • Técnico/a de laboratorio médico • Auxiliar de ensaios clínicos • Enfermeiro/a • Auxiliar de enfermería • Celador/a • Xerocultor/a • Auxiliar de axuda a domicilio • Asesores/as de saúde, beleza e benestar • Dentista ou odontólogo • Hixienista dental • Auxiliar de odontoloxía • Fisioterapeuta 	<ul style="list-style-type: none"> • Adestrador persoal • Nutricionista • Psiquiatra • Psicólogo/a sanitario • Psicólogo/a técnico especialista • Psicoterapeuta • Podólogo/a • Logopeda • Xefe/a de Proxecto de Biotecnoloxía • Enxeñeiro/a biomédico/a • Biomecánico médico • Operador/a de teleasistencia 	<ul style="list-style-type: none"> • Cirurxiáns • Médicos de atención primaria • Dentistas ou odontólogos • Expertos en xenética • Anestesistas

En relación cos postos de traballo que se están transformando, identificados na fase 2 dos traballos (cirurxiáns, dentistas, expertos en xenética etc.), son perfís moi cualificados que requiren formación universitaria para poder exercer. Por tanto, non contan cunha oferta formativa que conste de certificados de profesionalidade ou especialidades formativas. Por iso, considérase que quedan fóra do alcance do estudo e non se inclúen na análise deste informe.

En canto aos postos en risco de desaparición (persoal de atención ao paciente en centros de saúde ou hospitais e os auxiliares de quirófano), aínda teñen a oportunidade de reorientar as súas funcións e non ser totalmente substituídos polos avances tecnolóxicos como a robótica. Con todo, a demanda destes postos si que decrecerá considerablemente.

Na análise de fase 2, os postos sociosanitarios (xerocultor/a, auxiliar de axuda a domicilio e auxiliar de enfermería) non se consideraron postos a transformar coa evolución tecnolóxica, xa que as súas funcións seguirán sendo as mesmas no futuro. Con todo, algo que se detectou e que ademais se viu acrecentado coa situación de pandemia é que si que terán que actualizar as súas competencias en materia dixital para poder manter a asistencia a distancia e facer fronte ás diferentes situacións que se vaian presentando.

Por último, identificáronse dúas tendencias tecnolóxicas de grande impacto nos profesionais do sector: a telemedicina, e o uso de RA e RV para a formación e a evolución profesional de persoal sanitario en diversas disciplinas. Por iso, propónse formación adicional para facer fronte a estes retos tecnolóxicos nos próximos anos.

2. FORMACIÓN ACTUAL IDENTIFICADA PARA CADA POSTO DE TRABAJO EN RISCO DE DESAPARICIÓN

A partir da matriz de ocupacións actuais do sector e dos perfís profesionais, realizouse unha análise da formación actual (certificados de profesionalidade e especialidades) dispoñibles na actualidade para aqueles postos que están en risco de desaparición.

TÁBOA 1. POSTOS EN RISCO DE DESAPARICIÓN

Postos	Perfil profesional						
	Formación requirida	Coñecementos complementarios	Coñecementos complementarios futuros	Competencias técnicas actuais	Competencias non técnicas (soft skills)	Certificados de profesionalidade identificados	Especialidades formativas identificadas
Atención ao paciente en centros de saúde ou hospitais	Curso de atención ao paciente hospitalario	Coñecementos administrativos Coñecementos de ofimática nivel usuario (Windows, Office 365)	Non aplica	Informar e orientar o paciente, os seus familiares e usuarios en xeral sobre os aspectos concernentes á súa estancia no centro. Velar polo cumprimento dos dereitos dos pacientes, os seus familiares e usuarios. Atender e tramitar calquera queixa, reclamación e/ou suxestión presentada por un usuario, tratar de solucionar o problema nese momento propoñendo unha solución ou trasladar dita cuestión á Dirección para obter unha solución. Xestionar enquisas de satisfacción.	Habilidades de comunicación Orientación ao paciente Actitude positiva e amabilidade Toma de decisións	Non se identificaron certificados de profesionalidade para este posto	- Atención ao paciente hospitalario (40h) - Comunicación con pacientes e familiares na contorna clínica (50h) - Mellora da atención de queixas e reclamacións no Ámbito sanitario (60h)
Persoal auxiliar no quirófano	Formación profesional de Técnico en Coidados Auxiliares de enfermería	Non se requiren coñecementos complementarios	Non aplica	Brindar axuda ao persoal para a esterilización dos materiais no quirófano. Preparar e comprobar os materiais necesarios para a operación. Facilitar os materiais ou utensilios ao cirurxián. Esterilización dos instrumentos segundo a súa composición.	Iniciativa e resiliencia Capacidade de traballo en equipo Actitude amable e responsable Sensibilidade, compaixón e respecto Habilidades de comunicación para apoiar o paciente e facelo sentir seguro	Non se identificaron certificados de profesionalidade para este posto	- Actividades auxiliares de enfermería no quirófano (100h) - O auxiliar de enfermería: servizos especiais (UCI, urxencias, quirófano e diálise) (100h)

3. CONTIDOS DA FORMACIÓN ACTUAL IDENTIFICADA PARA OS POSTOS DE TRABAJO

As seguintes táboas detallan o obxectivo e contidos da formación identificada para cada posto de traballo **en risco de desaparición**:

ATENCIÓN AO PACIENTE EN CENTROS DE SAÚDE OU HOSPITAIS:

- Especialidades formativas:

ESPECIALIDADE FORMATIVA	HORAS	OBXECTIVO XERAL	CONTIDOS FORMATIVOS
Atención ao paciente hospitalario	40	Atender adecuadamente os pacientes nos centros hospitalarios cubrindo as súas necesidades e satisfacendo as súas expectativas.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Conceptos básicos de atención ao paciente 2. Calidade na atención ao paciente 3. O paciente na clínica, diferentes situacións nas diferentes unidades 4. O encontro co paciente 5. Importancia da persoa de contacto. "Role play" de situacións habituais dun centro sanitario 6. Procedementos de atención ao paciente nas distintas unidades dun centro sanitario 7. Argumentario de situacións ante o paciente: pautas de comportamento
Comunicación con pacientes e familiares na contorna clínica	50	Analizar as canles e aplicar os procedementos para informar a pacientes e familiares nas diversas situacións e polas diferentes canles nun centro sanitario.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Información e comunicación: <ol style="list-style-type: none"> 1.1 Documentación sanitaria e sistema de información 1.2 Emisión da información 1.3 Recepción da información 1.4 Canles de información a pacientes e familiares 1.5 Análise da información na práctica asistencial: escenarios e tipoloxía 1.6 Pautas de actuación: consentimento informado, servizo de atención ao paciente, actuación en ausencia de responsables de área etc. 2. Habilidades sociais e a comunicación: <ol style="list-style-type: none"> 2.1 As habilidades sociais aplicadas á contorna sanitaria 2.2 Comunicar malas noticias na contorna sanitaria 2.3 A empatía na contorna sanitaria 2.4 Asertividade 2.5 A percepción individual e a súa importancia no proceso comunicativo no ámbito sanitario
Mellora da atención de queixas e reclamacións no Ámbito sanitario	60	Adquirir as competencias e habilidades necesarias para mellorar a atención ao cliente e a xestión de conflitos no ámbito sanitario.	<ol style="list-style-type: none"> 1. A atención ao cliente e a xestión eficaz de queixas, reclamacións e obxeccións do ámbito sanitario <ol style="list-style-type: none"> 1.1. A Atención ao Cliente: A satisfacción do cliente. Tipos de clientes. Por que se queixan os clientes? Segundo o tipo de cliente, cal é a resposta máis adecuada? Medición da satisfacción do cliente. Tipos de enquisas de satisfacción

ESTUDO TECNOLOXÍAS EMERXENTES PARA A TRANSFORMACIÓN DO EMPREGO

ESPECIALIDADE FORMATIVA	HORAS	OBXECTIVO XERAL	CONTIDOS FORMATIVOS
			<p>1.2. O Tratamento das Queixas e Reclamacións: Queixas e reclamacións: definición e elementos diferenciadores Como comportarse ante unha queixa e/ou reclamación. Actitudes que deben evitarse. Tipos de queixas e reclamacións. Como xestionar eficazmente unha queixa e/ou reclamación. As 10 regras do xestor eficaz</p> <p>1.3. O Tratamento das Obxeccións: As obxeccións: definición do concepto. As obxeccións son unha oportunidade. As obxeccións máis frecuentes. Técnicas específicas para o tratamento das obxeccións</p> <p>1.4. A atención ao cliente en situación de conflito. Inventario de escenarios e situacións de conflito no centro sanitario</p> <p>2. A comunicación co cliente na xestión de conflitos do ámbito sanitario</p> <p>2.1. Competencias e técnicas de comunicación para a resolución de conflitos</p> <p>2.2 A comunicación verbal e non verbal. A importancia da paralinguaxe e os xestos. A importancia da retroacción. Saber realizar as preguntas apropiadas. A empatía. A capacidade de escoita activa. A asertividade</p> <p>2.3. Reaccións conflitivas: habilidades asistenciais</p>

PERSOAL AUXILIAR NO QUIRÓFANO:

- Especialidades formativas:

ESPECIALIDADE FORMATIVA	HORAS	OBXECTIVO XERAL	CONTIDOS FORMATIVOS
Actividades auxiliares de enfermería no quirófano	100	Identificar as actividades propias do auxiliar de enfermería na unidade cirúrxica, atendendo aos estándares de esterilización e asepsia en base aos procedementos cirúrxicos das distintas especialidades.	<p>1. A unidade cirúrxica</p> <p>2. Instrumentación xeral cirúrxica</p> <p>3. Esterilización</p> <p>4. Asepsia en quirófano e control de infeccións</p> <p>5. Procedementos cirúrxicos básicos. Especialidades cirúrxicas</p> <p>6. O auxiliar de enfermería en quirófano : coidados e asistencia ao paciente cirúrxico</p> <p>7. Conceptos básicos de anestesia</p>
O auxiliar de enfermería: servizos especiais (UCI, urxencias, quirófano e diálise)	100	Adquirir habilidades para a adecuada intervención en UCI e coñecer as principais intervencións que se deben desenvolver en urxencias, quirófano e diálise.	<p>1. Intervencións específicas en UCI do auxiliar de enfermería</p> <p>2. Intervencións específicas en urxencias do auxiliar de enfermería</p> <p>3. Intervencións específicas en quirófano do auxiliar de enfermería</p> <p>4. Intervencións específicas en diálises do auxiliar de enfermería</p> <p>5. A unidade de diálise</p> <p>6. Atención psicosocial ao paciente con necesidades especiais</p>

ESTUDO TECNOLOXÍAS EMERXENTES PARA A TRANSFORMACIÓN DO EMPREGO

As seguintes táboas detallan o obxectivo e contidos dos certificados de profesionalidade identificados para os **postos sociosanitarios**.

XEROCULTOR/A, AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO, AUXILIAR DE ENFERMERÍA:

FAMILIA PROFESIONAL	ÁREA DO CP	CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE	HORAS	UNIDADES DE COMPETENCIA	MÓDULOS E UNIDADES FORMATIVAS	OCUPACIÓNS E POSTOS DE TRABALLO RELACIONADOS
Servizos socioculturais e á comunidade	Asistencia social	Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	450	Preparar e apoiar as intervencións de atención ás persoas e á súa contorna no ámbito institucional indicadas polo equipo interdisciplinar. Desenvolver intervencións de atención física dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional. Desenvolver intervencións de atención sociosanitaria dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional. Desenvolver intervencións de atención psicolóxica dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional.	MF1016_2: Apoio na organización de intervencións no ámbito institucional (100 horas) • UF0127: Apoio na recepción e acollida en institucións de persoas dependentes (30 horas) • UF0128: Apoio na organización de actividades para persoas dependentes en institucións (70 horas) MF1017_2: Intervención na atención hixiénico-alimentaria en institucións (70 horas) MF1018_2: Intervención na atención sociosanitaria en institucións (70 horas) MF1019_2: Apoio psicolóxico, atención relacional e comunicativa en institucións. (130 horas) • UF0129: Animación social de persoas dependentes en institucións (30 horas) • UF0130: Mantemento e mellora das actividades diarias de persoas dependentes en institucións (50 horas) • UF0131: Técnicas de comunicación con persoas dependentes en institucións (50 horas) MP0029: Módulo de prácticas profesionais non laborais de Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións (80 horas)	Coidador de minusválidos físicos, psíquicos e sensoriais Coidador de persoas dependentes en institucións Xerocultor
Servizos socioculturais e á comunidade	Asistencia social	Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	600	Desenvolver intervencións de atención física domiciliaria dirixidas a persoas con necesidades de atención sociosanitaria. Desenvolver intervencións de atención psicolóxica domiciliaria	MF0249_2: Hixiene e atención sanitaria domiciliaria (170 horas) • UF0119: Características e necesidades de atención hixiénico-sanitaria das persoas dependentes (70 horas) • UF0120: Administración de alimentos e tratamentos a persoas dependentes no domicilio (50 horas) • UF0121: Mellora das capacidades físicas e primeiros auxilios para as persoas dependentes no domicilio (50 horas) MF0250_2: Atención e apoio psicolóxico domiciliario (210 horas) • UF0122: Mantemento e rehabilitación psicolóxica das persoas	Auxiliar de axuda a domicilio Asistente de atención domiciliaria Coidador de persoas maiores, discapacitadas, convalescentes no domicilio

ESTUDO TECNOLOXÍAS EMERXENTES PARA A TRANSFORMACIÓN DO EMPREGO

FAMILIA PROFESIONAL	ÁREA DO CP	CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE	HORAS	UNIDADES DE COMPETENCIA	MÓDULOS E UNIDADES FORMATIVAS	OCUPACIÓNS E POSTOS DE TRABALLO RELACIONADOS
				<p>dirixidas a persoas con necesidades de atención sociosanitaria. Desenvolver as actividades relacionadas coa xestión e funcionamento da unidade convivencial.</p>	<p>dependentes en domicilio (80 horas)</p> <ul style="list-style-type: none"> • UF0123: Apoio ás xestións cotiás das persoas dependentes (50 horas) • UF0124: Interrelación, comunicación e observación coa persoa dependente e a súa contorna (80 horas) <p>MF0251_2: Apoio domiciliario e alimentación familiar (100 horas)</p> <ul style="list-style-type: none"> • UF0125: Xestión, aprovisionamento e cociña na unidade familiar de persoas dependentes (60 horas) • UF0126: Mantemento, limpeza e organización do domicilio de persoas dependentes (40 horas) <p>MP0028: Módulo de prácticas profesionais non laborais de Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (120 horas)</p>	

4. FORMACIÓN E ESPECIALIDADES PARA O SECTOR SAÚDE E BENESTAR

4.1. Conclusións da formación dispoñible por posto

POSTO	PROCESO DE TRANSFORMACIÓN	CARENCIAS FORMATIVAS ACTUAIS
Persoal de atención ao paciente en centros de saúde ou hospitais	O avance tecnolóxico no campo da atención ao cliente está a impactar tamén na atención ao paciente dos centros sanitarios. A asistencia virtual a través de chatbots e os trámites en liña, entre outros, están a reducir as funcións do persoal de atención ao paciente. Adicionalmente, xa existen robots capaces de realizar un prediagnóstico mediante algoritmos avanzados e derivar o paciente ao especialista oportuno. En consecuencia, a demanda destes perfís está a reducirse considerablemente.	<ul style="list-style-type: none"> Formación sobre ferramentas dixitais, como tabletas ou aplicacións, dispoñibles nos centros sanitarios Formación sobre orientación ao paciente no uso das plataformas dixitais do centro sanitario e trámites en liña (solicitude de cita, consulta de resultados etc.)
Persoal auxiliar no quirófano	Cada vez será menor o número de persoas necesarias para asistir unha cirurxía. Neste momento xa existen robots capaces de identificar obxectos e, por recoñecemento de voz, poden mesmo facilitar os materiais necesarios ao cirurxián para que realice a operación, ou tomarlle as constantes ao paciente e informar por voz ao persoal médico. Con todo, o persoal auxiliar no quirófano terá que actualizarse tomando un papel fundamental na preparación e posta en marcha do sistema, a organización e disposición do instrumental que necesita o robot e da atención de detalles durante o desenvolvemento da cirurxía robótica.	<ul style="list-style-type: none"> Coñecementos sobre a asistencia en quirófano durante a cirurxía robótica
Xerocultor/a, auxiliar de axuda a domicilio, auxiliar de enfermería	A evolución tecnolóxica non vai transformar as funcións do persoal de asistencia sociosanitaria, pero si que facilitará a coordinación do traballo e a asistencia remota, para dar un servizo constante e máis eficaz en situacións de urxencia. Por iso, estes perfís terán que adquirir competencias en materia dixital.	<ul style="list-style-type: none"> Formación en ferramentas e habilidades dixitais

4.2. Proposta de formación para o sector saúde e benestar

Para realizar unha proposta de formación para o sector saúde e benestar, é imprescindible ter en conta os seguintes aspectos:

- Para os postos de traballo que están en risco de desaparecer, o persoal de atención ao paciente e o persoal auxiliar de quirófano, a formación dispoñible na actualidade non inclúe contidos de ferramentas dixitais ou novas tecnoloxías. Neste sentido, proponse ampliar as especialidades formativas cun módulo específico.
- Os postos de traballo sociosanitarios (auxiliar de axuda a domicilio, auxiliar de enfermería, xerocultor) non van experimentar un cambio nas súas funcións, pero si que deberán aprender a utilizar ferramentas dixitais para organizar o traballo e manter a asistencia de forma remota. No sector sociosanitario ofrécense dous certificados de profesionalidade pero ningún inclúe contidos de ferramentas tecnolóxicas.
- Identificáronse dúas tendencias con grande impacto no persoal do sector da saúde. Por unha banda, a telemedicina, que está a cambiar a atención sanitaria; e, doutra banda, o uso da realidade aumentada e realidade virtual para practicar e formarse en diferentes especialidades (cirurxía, fisioterapia etc.). A oferta formativa actual non inclúe contido relacionados con ningunha das dúas tendencias. Por tanto, proponse ampliar a oferta con formacións específicas que dean capacidade aos profesionais do sector para abordar estes retos nos próximos anos.

Por tanto, a proposta formativa neste sector é a seguinte:

POSTO	ANÁLISE DA FORMACIÓN
Atención ao paciente en centros de saúde ou hospitais	<p>Para que o persoal de atención ao paciente non sexa substituído completamente por asistentes virtuais, é necesario que faciliten unha atención personalizada nos centros sanitarios e poidan axudar aos pacientes en cuestións relacionadas coas canles dixitais do centro.</p> <p>A oferta formativa actual de atención ao paciente non dota o persoal de recursos en materia de ferramentas dixitais. Por iso, proponse engadir un módulo específico de 4h de duración na especialidade formativa “Atención ao paciente hospitalario” co obxectivo de aprender a orientar os pacientes presencialmente no uso de ferramentas dixitais e trámites en liña.</p>

PROPOSTA FORMATIVA

Nome da especialidade: Atención ao paciente hospitalario

Obxectivos do curso: Atender adecuadamente os pacientes nos centros hospitalarios cubrindo as súas necesidades e satisfacendo as súas expectativas

Dirixido a: Atención ao paciente en centros de saúde ou hospitais

Duración: 40 horas actualmente, con 4 horas adicionais do novo módulo incluído

Contidos formativos:

1. Conceptos básicos de atención ao paciente
2. Calidade na atención ao paciente
3. O paciente na clínica, diferentes situacións nas diferentes unidades
4. O encontro co paciente
5. Importancia da persoa de contacto. "Role play" de situacións habituais dun centro sanitario
6. Procedementos de atención ao paciente nas distintas unidades dun centro sanitario
7. Argumentario de situacións ante o paciente: pautas de comportamento
8. **Orientación ao paciente no uso de ferramentas dixitais (tabletas, aplicacións) e trámites en liña (4h) – NOVO**

POSTO	ANÁLISE DA FORMACIÓN
Auxiliar de quirófano	A oferta formativa orientada ao persoal auxiliar en quirófano non contempla os avances en materia de cirurxía robótica. Aínda que a demanda de auxiliares en quirófano diminuirá en gran medida debido a esta nova técnica de intervención, seguirán sendo necesarios para a preparación e posta a punto do robot. Por tanto, suxírese completar a especialidade formativa “Actividades auxiliares de enfermería no quirófano”, incluíndo un módulo orientado á asistencia en quirófano durante unha cirurxía robótica.

PROPOSTA FORMATIVA
Nome da especialidade: Actividades auxiliares de enfermería no quirófano
Obxectivos do curso: Identificar as actividades propias do auxiliar de enfermería na unidade cirúrxica, atendendo aos estándares de esterilización e asepsia en base aos procedementos cirúrxicos das distintas especialidades.
Dirixido a: persoal auxiliar no quirófano
Duración: 100 horas actualmente, con 10 horas adicionais do novo módulo incluído
Contidos formativos: <ol style="list-style-type: none"> 1. A unidade cirúrxica 2. Instrumentación xeral cirúrxica 3. Esterilización 4. Asepsia en quirófano e control de infeccións 5. Procedementos cirúrxicos básicos. Especialidades cirúrxicas 6. O auxiliar de enfermería en quirófano: coidados e asistencia ao paciente cirúrxico 7. Asistencia en quirófano durante unha cirurxía robótica (10h) - NOVO 8. Conceptos básicos de anestesia

POSTO	ANÁLISE DA FORMACIÓN
<p>Xerocultor/a, auxiliar de axuda a domicilio, auxiliar de enfermería, cuidador/a</p>	<p>Actualmente os postos de asistencia sociosanitaria (xerocultores, auxiliares de axuda a domicilio, auxiliares de enfermería, cuidadores) contan con dous certificados de profesionalidade e con especialidades formativas, pero esta oferta formativa non contén información sobre ferramentas dixitais nin os dota das habilidades dixitais necesarias. Por iso, proponse incluír un módulo específico de ferramentas dixitais para a asistencia sociosanitaria en ambos os certificados de profesionalidade.</p>

PROPOSTA FORMATIVA
<p>Nome do certificado de profesionalidade: Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais</p>
<p>Unidades de competencia: Preparar e apoiar as intervencións de atención ás persoas e á súa contorna no ámbito institucional indicadas polo equipo interdisciplinar. Desenvolver intervencións de atención física dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional. Desenvolver intervencións de atención sociosanitaria dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional. Desenvolver intervencións de atención psicosocial dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional.</p>
<p>Dirixido a: Cuidador de discapacitados físicos, psíquicos e sensoriais. Cuidador de persoas dependentes en institucións. Xerocultor.</p>
<p>Duración: 450 horas actualmente, con 20 horas adicionais do novo módulo incluído</p>
<p>Contidos formativos:</p> <p>MF1016_2: Apoio na organización de intervencións no ámbito institucional (100 horas)</p> <ul style="list-style-type: none"> • UF0127: Apoio na recepción e acollida en institucións de persoas dependentes (30 horas) • UF0128: Apoio na organización de actividades para persoas dependentes en institucións (70 horas) <p>MF1017_2: Intervención na atención hixiénico-alimentaria en institucións (70 horas)</p> <p>MF1018_2: Intervención na atención sociosanitaria en institucións (70 horas)</p>

MF1019_2: Apoio psicosocial, atención relacional e comunicativa en institucións (130 horas)

- UF0129: Animación social de persoas dependentes en institucións (30 horas)
- UF0130: Mantemento e mellora das actividades diarias de persoas dependentes en institucións (50 horas)
- UF0131: Técnicas de comunicación con persoas dependentes en institucións (50 horas)

Ferramentas dixitais para a asistencia sociosanitaria (20h) – NOVO

MP0029: Módulo de prácticas profesionais non laborais de Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións (80 horas)

PROPOSTA FORMATIVA

Nome do certificado de profesionalidade: Atención sociosanitaria a persoas no domicilio

Unidades de competencia: Desenvolver intervencións de atención física domiciliaria dirixidas a persoas con necesidades de atención sociosanitaria. Desenvolver intervencións de atención psicosocial domiciliaria dirixidas a persoas con necesidades de atención sociosanitaria. Desenvolver as actividades relacionadas coa xestión e funcionamento da unidade convivencial.

Dirixido a: Auxiliar de axuda a domicilio. Asistente de atención domiciliaria. Coidador de persoas maiores, discapacitadas, convalecentes no domicilio

Duración: 600 horas actualmente, con 20 horas adicionais do novo módulo incluído

Contidos formativos:

MF0249_2: Hixiene e atención sanitaria domiciliaria (170 horas)

- UF0119: Características e necesidades de atención hixiénico-sanitaria das persoas dependentes (70 horas)
- UF0120: Administración de alimentos e tratamentos a persoas dependentes no domicilio (50 horas)
- UF0121: Mellora das capacidades físicas e primeiros auxilios para as persoas dependentes no domicilio (50 horas)

MF0250_2: Atención e apoio psicosocial domiciliario (210 horas)

- UF0122: Mantemento e rehabilitación psicosocial das persoas dependentes en domicilio (80 horas)
- UF0123: Apoio ás xestións cotiás das persoas dependentes (50 horas)
- UF0124: Interrelación, comunicación e observación coa persoa dependente e a súa contorna (80 horas)

MF0251_2: Apoio domiciliario e alimentación familiar (100 horas)

- UF0125: Xestión, aprovisionamento e cociña na unidade familiar de persoas dependentes (60 horas)
- UF0126: Mantemento, limpeza e organización do domicilio de persoas dependentes (40 horas)

Ferramentas dixitais para a asistencia sociosanitaria (20h) – NOVO

MP0028: Módulo de prácticas profesionais non laborais de Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (120 horas)

POSTO	ANÁLISE DA FORMACIÓN
<p>Persoal sanitario en xeral</p>	<p>Á marxe do amplo coñecemento especializado do que xa dispoñen os profesionais da saúde, teñen un reto para implementar as novas tecnoloxías no seu traballo e dar resposta ás necesidades da sociedade. De feito, a recente pandemia puxo aínda máis en evidencia as necesidades formativas dos profesionais da saúde no que a habilidades dixitais refírese. Na actualidade, non contan con formación concreta nesta materia, polo que se propoñen dous cursos dirixidos a profesionais sanitarios, enfocados á telemedicina e ao uso da realidade aumentada e virtual no ensino da saúde.</p>

PROPOSTA FORMATIVA
<p>Nome da especialidade: TELEMEDICINA</p>
<p>Contexto: A tecnoloxía é cada vez máis un elemento clave nas intervencións, tanto preventivas como terapéuticas, que se fan no ámbito da saúde. A telemedicina preséntase como instrumento clave para mellorar a saúde das persoas, cunha maior eficiencia a nivel asistencial, ademais de supoñer unha importante mellora da prestación sanitaria en rexións de difícil acceso á asistencia sanitaria.</p>
<p>Obxectivos do curso: Capacitar os profesionais da saúde nas ferramentas dixitais básicas para un bo desempeño na práctica clínica da Telemedicina. Cubrir todas as necesidades tecnolóxicas que se necesitan na telemedicina actual.</p>
<p>Dirixido a: Profesionais sanitarios (médicos de atención primaria)</p>
<p>Duración: 50 horas</p>
<p>Contidos formativos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. A transformación dixital na saúde (4h)

- 1.1 A transformación do sistema tradicional á saúde dixital
- 1.2 Vías de atención sanitaria ao paciente

2. A telemedicina (1h)

3. Documentación sanitaria e de xestión (10h)
 - 3.1. Historia clínica informatizada
 - 3.2. Confidencialidade, dereitos e deberes do paciente

4. Tecnoloxía e sistemas (20h)
 - 4.1. Ferramentas da telemedicina: sistemas de videoconferencias, APPS útiles na práctica clínica etc.
 - 4.2. Xestión médica a través da telemedicina: consultas programadas, compartir datos, realizar seguimentos, derivación ao especialista etc.
 - 4.3. Comunicación co paciente a través de medios dixitais

5. Prácticas (15h)
 - 5.1. Casos clínicos

PROPOSTA FORMATIVA

Nome da especialidade: RA E RV APLICADA AO ENSINO DA SAÚDE

Contexto:

Existen diversas ferramentas baseadas en tecnoloxías inmersivas que son capaces de substituír a falta de adestramento ou práctica real no ámbito da saúde por experiencias virtuais. A través da realidade aumentada (RA) e a realidade virtual (RV) pódese dar resposta de maneira eficaz aos novos estilos de aprendizaxe requiridos polos alumnos na sociedade da información e o coñecemento. No caso dos profesionais sanitarios, aplícanse con éxito na mellora das competencias dos mesmos, mediante simuladores virtuais que os axudan a practicar nun ámbito seguro.

Obxectivos do curso:

Dotar de coñecementos os profesionais sanitarios para facer uso de ferramentas baseadas en realidade virtual e aumentada, co fin de practicar e continuar formándose no seu ámbito de especialización.

Dirixido a: Profesionais sanitarios (médicos de atención primaria, enfermeiros, odontólogos, fisioterapeutas, psicólogos etc.)

Duración: 30 horas

Contidos formativos:

1. Introducción á realidade aumentada e á realidade virtual (8h)
 - 1.1. Realidade Aumentada
 - 1.2. Realidade virtual
 - 1.3. Aplicación: transferencia de coñecemento médico de forma virtual
 - 1.4. Dispositivos tecnolóxicos: lentes 3D, pantallas de visualización etc.
2. Demostración da contorna virtual (4h)
3. Simuladores para a formación médica (8h)
 - 3.1. Ferramentas: VirtaMed, HoloAnatomy etc.
4. Prácticas clínicas virtuais (10h)